

SEPE

OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO

30/05/2025

A Subdirección Xeral de Recursos convocounos para que trasladásemos a nosa visión e criterios respecto á petición de prazas para a oferta de emprego público do 2025 no ámbito do SEPE.

A CIG indicou como criterios a seguir os seguintes:

1. A petición de novos efectivos debe ser a máxima, dentro dos límites que impoña a Dirección Xeral de Función Pública, porque temos un grave déficit de persoal.
2. En Galicia a cobertura de postos pedimos que se faga mediante concursos de traslados e promoción interna.
3. O persoal de novo ingreso debe ir destinado maioritariamente a oficinas de prestacións pero tamén demandamos que se dote convenientemente ás seguintes unidades:
 - a. Unidade de selección, dependente da Subd. Xeral de Recursos.
Necesitamos máis concursos de traslados e máis áxiles. Debemos pular porque a carreira profesional e as posibilidades de mobilidade sexan reais e en condicións de igualdade, algo que a día de hoxe non sucede. Os concursos eternízanse e cada vez hai máis comisións de servizo.
 - b. Subdirección Xeral de prestacións. Pedimos que se destine máis persoal a esa Subdirección para poder axilizar, refundir e mellorar os manuais de traballo e as circulares e criterios existentes. Necesitamos que os manuais estean a disposición do persoal en canto se de un cambio normativo e que se fagan cunha linguaxe clara e sen xerar dúbidas interpretativas.

Na reunión tamén demandamos que o SEPE, que é o que ten todos os datos, non nos aportara unha análise das necesidades de persoal, tanto en número de efectivos como de perfís profesionais. Sempre se escudan en que Función Pública non lles fai caso pero a realidade é que nunca nos presentaron un traballo serio destinado á Dirección Xeral de Función Pública con datos onde se reflicta a realidade do organismo, os efectos diarios sobre a cita e a calidade de atención derivada da falta de persoal, o volume de expedientes recoñecidos por persoal dunha categoría inferior á que o debería facer, a paralización dos procesos de mobilidade, a demora na tramitación por exemplo, dos servizos previos do noso persoal...